

MPN/mag

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA
23/04/2021**

ASISTENTES

| | |
|-------------|--|
| PRESIDENTE: | D. Santos Héctor Rodríguez Díaz |
| SUPLENTE | D ^a . Olga María García Ballesteros |
| VOGAIS: | D ^a . Ana María Mejías Sacaluga |
| | D. Gorka Gómez Díaz |
| | D ^a . Raquel Giráldez Armas |
| | D. Manuel González Martínez |
| | D. Gregorio Agís Gómez |
| | D ^a . Iria Lamas Salgueiro |
| | D. José Carlos López Campos |
| | D. Jorge Cubela López |
| | D. Miguel Domínguez Alfonso |
| | D ^a . María Paz Lago Martínez |
| | D. Ignacio Maril Pardo |
| | D. José Alfonso Marnotes González |
| | D. Javier Tourís Romero |
| | D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo |
| | D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández |

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e tres de abril do ano dous mil vinte e un, reúnen-se telematicamente os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a Xefa do Servizo de Cooperación, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezaoito de marzo do ano dous mil vinte e un co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo a súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS

Do exame do expediente, quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- *A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e o desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.*
- *Que no ámbito deportivo e no marco do proxecto de modernización do Estadio de Fútbol de Balaidos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de colaboración económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data 08/07/2015 do “Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaidos”. O citado convenio foi prorrogado na súa vixencia por medio da sinatura de dúas addendas, a primeira asinada o 27/09/2017 e a segunda asinada o 24/05/2019, que estableceu un prazo de 2 anos de vixencia do convenio.*



- Que en data 8/04/2021 reuniuse a Comisión de Seguimento do citado convenio de colaboración e acorda, debido a próxima finalización da vixencia do convenio o 24/05/2021, aprobar a proposta realizada para a sinatura dun novo convenio que posibilite a finalización do proceso de remodelación, adecuando as actuacións sen executar, e se poida axustar o marco financeiro derivados dos compromisos asinados aos prazos de execución reais das obras que se atopan proxectadas e en execución.
- Que o Concello de Vigo achega a documentación necesaria para a formalización deste convenio de colaboración. Asemade achégase a documentación técnica necesaria para a execución do investimento, que será financiado ao 50% pola Deputación de Pontevedra e 50% polo Concello de Vigo e que ten un orzamento total de **17.096.754,39 euros** (IVE engadido), desglosado do seguinte xeito:

| | |
|---|------------------------|
| 493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO "DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" | 16.650.000,00 € |
| 604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIÓDOS | 144.205,99 € |
| 738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". | 302.548,40 € |
| Importe total destas actuacións: | 17.096.754,39 € |

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Tendo en conta todo o que antecede, e visto o informe de supervisión da documentación técnica emitido polos servizos técnicos provinciais; o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos e o informe da Intervención Provincial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello



2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 25.2.l) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- *Artigo 8 da LDG, que establece como competencia dos concellos, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 7 da LDG, que lle atribúe ás Deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia e colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e no deseño e construción de instalacións deportivas de titularidade municipal.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre*



outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- *Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2021, dotación orzamentaria nas aplicacións 21/942.9420.762.14 e 21/942.3420.762.58 e designado como beneficiario ó concello.*
- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza, e de modo xeral para tódolos usuarios deste campo de fútbol, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste



ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para dar continuidade a realización das obras de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver, e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS”

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, da Intervención Provincial e da Secretaría Xeral, sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de acordo::

- *APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS”, condicionada, tal como sinala o informe da Intervención Provincial de 16/04/2021, á aprobación polo Pleno do expediente de modificación de crédito.*

O texto do convenio de colaboración literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS.

No Pazo Provincial, de ___ de 2021



INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- *A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.*

II.- *No ámbito deportivo e no marco do proxecto de modernización do Estadio de Fútbol de Balaidos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data de 08/07/2015, do «Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS». O citado convenio foi prorrogado na súa vixencia por medio da sinatura de dúas addendas. A primeira, asinada con data 27 de setembro de 2017, prorrogou*



o prazo do convenio ata o 31 de decembro de 2019, e a segunda, asinada con data de 24 de maio de 2019, estableceu un prazo de 2 anos mais de vixencia do convenio.

***III.-** Atopándose próxima a finalización da vixencia do devandito convenio, sen prexuízo da necesidade de cumprimento das obrigas pendentes nadas durante a vixencia do mesmo, e persistindo, aínda, a necesidade da concluír a consecución dos obxectivos a que respondía o dito convenio, extinguido polo vencemento do seu prazo máximo, procede dar continuidade á colaboración iniciada entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Vigo, mediante a sinatura dun novo convenio, co obxecto de establecer as pautas de colaboración entre ambas Administracións locais para dar continuidade a realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BALAIOS na súa fase final; convenio .que é o que no presente acto conclúen as partes intervintes.*

***IV.-** Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.*

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas dos equipamentos deportivos do concellos da provincia.

***V.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

***VI.-** Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifiestan expresamente o seu propósito de asinar o presente convenio de colaboración de referencia co obxecto de proceder a dar continuidade as actuación para a REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS conforme aos seguintes:*

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO:

É obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FUTBOL



MUNICIPAL DE BALAIOS na cidade de Vigo en relación os proxectos das gradas de “Marcador” e “Gol”.

Os investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS” aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020. Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados a obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas as direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

SEGUNDO: IMPORTE E FINANCIAMENTO:

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “DEZASETE MILLONS NOVENTA E SEIS MIL SETECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E NOVECIENTIMOS” (17.096.754,39 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

| | |
|--|-------------------------------|
| <i>493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”</i> | <i>16.650.000,00 €</i> |
| <i>604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIOS</i> | <i>144.205,99 €</i> |
| <i>738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”.</i> | <i>302.548,40 €</i> |
| <i>Importe total destas actuacións:</i> | <i>17.096.754,39 €</i> |

2.- A obriga de financiación para cada un das administración en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaidos establece nun 50 % da totalidade dos custes.

3.- Non obstante, neste novo convenio unifícanse os compromisos económicos que neste convenio asumen as partes cos derivados do convenio inicial, pendentes de cumprimento, asinado entre as partes con data do 08/07/2015 e as súas addendas, que fixan como data final de vixencia do convenio inicial o vindeiro 24 de maio de 2021; obrigas nadas do primeiro convenio, pendentes de cumprimento, que se renovan no presente.

4.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de OITO MILLONS CINCOCENTOS CUARENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON DAZA NOVE CENTIMOS (8.548.377,19 €). Esta cantidade inclúe os créditos comprometidos na addenda nº2, polo importe de 6.915.907,83 €, polo cal operativamente se contempla un incremento de 1.632.469,36 €.



O pagamento do importe referido se realizará contra as seguintes aplicación:

| | |
|---------------------------|-----------------------|
| 21/942.3420.762.58 | 6.915.907,83 € |
| 21/942.9420.762.14 | 1.632.469,36 € |
| Total: | 8.548.377,19 € |

Así mesmo en relación as obrigas derivadas da execución das actuacións contempladas na addenda nº1 do anterior convenio, a Deputación Provincial comprométese a realizar os pagos correspondentes as actuación xa executadas e pendentes de liquidar por un importe máximo de 513.475,09 €, para o cal se dispoñe dos créditos na aplicación 21/942.3420.762.58.2016.

5.- *Obrigas económicas para o Concello de Vigo:*

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de OITO MILLONS CINCOCENTOS CUARENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON VINTE CENTIMOS (8.548.377,20 €). Esta cantidade inclúe os créditos comprometidos na addenda nº2 do anterior convenio, polo importe de 6.915.907,84 €, polo cal operativamente se contempla un incremento de 1.632.469,36 €, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

| | |
|-----------------------|-----------------------|
| Exercicio 2020 | 2.200.000,00 € |
| Exercicio 2021 | 3.107.000,00 € |
| Exercicio 2022 | 3.000.000,00 € |
| Exercicio 2023 | 241.377,20 € |
| Total: | 8.548.377,20 € |

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2022 e 2023.

6.- Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos da vixenza do contrato de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo remitirá copia dos proxectos definitivos á Deputación Provincial para o seu coñecemento.



3.- Como continuidade das actuacións xa iniciadas sobre a obra da nova grada de marcador o Concello de Vigo lle comunicará a Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento das obras, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

7.- En relación a continuidade das actuacións a grada de "GOL" na actualidade atopase redactado o "proxecto de execución desta grada" que se atopa pendente dos informes sectoriais de aplicación, así como da adecuación do proxecto de acordo coas resolución dos mencionados informes.

8.- O Concello de Vigo desenvolverá as xestións oportunas en cumprimento das súas obrigas para finalizar a proposta da NOVA GRADA DE GOL, co obxecto de poder planificar a súa execución e unha vez finalizado o proxecto definitivo ambas institucións comprométese a estudar no compromiso de adecuación financeira correspondente a este convenio e sempre no marco dunha financiación conxunta so 50 % as posibilidades da súa execución. O Concello de Vigo presentará a comisión de seguimento o proxecto que corresponda de ser aprobado se procederá ao inicio da correspondente addenda para a súa execución.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s. O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.



- *Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.*
- *Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
- *Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.*
- *Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio e de acordo coa condición de financiación ao 50%

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación do proxecto derivada das necesidades de execución dos proxectos contratados será asumida por cada parte, en idéntico porcentaxe, así como calquera variación económica, á alza ou á baixa, por liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións ao contratista derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

Calquera modificación que supoña un incremento dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.



Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas neste convenio.*
- *Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.*
- *Licitat, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- *Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal*



de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade,



procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aprobar por cada administración en relación ao importe adxudicada.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ *A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- ✓ *A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- ✓ *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- ✓ *A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- ✓ *A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:



- 1º.- *O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º.- *O acordo unánime dos asinantes.*
- 3º.- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*
Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.
Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.
- 4º.- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- 5º.- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

DÉCIMO TERCEIRO- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

*A Secretaria do Goberno Local do Concello
de Vigo*

*O Secretario Xeral da Deputación de
Pontevedra*

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay"

- *FACULTAR á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *DARLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa."*



Sometido a votación, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente este asunto, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e a abstención dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

3.- DAR CONTA DA FIRMA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ACADEMIA GALEGA DAS CIENCIAS (RAGC), PARA A REALIZACIÓN DA II EDICIÓN DO CICLO DE CONFERENCIAS “AIDA FERNANDEZ RÍOS”

Dase conta do seguinte informe sobre a sinatura do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Academia Galega das Ciencias (RAGC), para a realización da II Edición do ciclo de conferencias “Aída Fernández Ríos”:

“DAR CONTA DA FIRMA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN D EPONTEVEDRA E A ACADEMIA GALEGA DAS CIENCIAS (RAGC), PARA A REALIZACIÓN DA II EDICIÓN DO CICLO DE CONFERENCIAS “AIDA FERNANDEZ RÍOS”

- **ANTECEDENTES:**

1º.- Por Resolución Presidencial de data 15 de abril de 2021, con número de rexistro 2021001948, aprobouse o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a RAGC, para desenvolver a II Edición do Ciclo de Conferencias Científicas “Aida Fernández Ríos”, Convenio que será ratificado o vindeiro 20 de abril de 2021.

2º.- Impartiranse un total de 10 conferencias (con 11 persoas relatoras) repartidas en formato webinario e semipresencial con streaming, dirixidas á cidadanía en xeral, e 5 presenciais en centros educativos da provincia de Pontevedra, coas características e contidos que se detallan neste informe. Non obstante, as datas da súa realización e o seu formato poderán sufrir cambios derivados da normativa sanitaria en vigor en cada intre, e pola evolución da COVID-19, polo que, por razóns debidamente xustificadas, tanto a Deputación de Pontevedra como a RAGC poderá propoñer cambios, tanto nas persoas relatoras propostas coma nas temáticas e datas recollidas neste convenio, en función das circunstancias sinaladas e da dispoñibilidade das persoas que as van impartir, neste caso sempre que se lle comunique previamente ao servizo xestor cunha antelación mínima de 10 días hábiles.

- **NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS))



- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do orzamento provincial para o exercicio 2021

- **CONCLUSIÓN:**

De acordo có exposto, dáse conta á Comisión Informativa da formalización do Convenio de Colaboración citado, que literalmente é o seguinte:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA A REALIZACIÓN DA II EDICIÓN DO CICLO DE CONFERENCIAS AIDA FERNÁNDEZ RÍOS PARA O ANO 2021
Pontevedra, 20 de abril de 2021*

REÚNENSE

Dunha parte, M.^a del Carmen Silva Rego, presidenta da institución provincial, entidade con CIF P-36 000 00-H, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Da outra, Juan Manuel Lema Rodicio, presidente da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), entidade con CIF Q-1568010-A, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 33.2 a) dos seus estatutos, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o 11 de abril de 2019 (Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se modifican os estatutos da Real Academia Galega de Ciencias, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 86, de 7 de maio de 2019).

Actúa como fedatario público deste convenio Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.



Ambas as partes se recoñecen con capacidade para formalizar este convenio con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións do sector público, administracións, corporacións de dereito público e, en xeral, de calquera entidade pública. Tendo en conta o anterior,

EXPOÑEN QUE

- I. *A Deputación de Pontevedra é unha administración pública, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins propios e específicos, de acordo co disposto no artigo 5 da LRBRL e no artigo 101 da LALG.*
- II. *A RAGC é unha corporación científica de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar.*
- III. *De acordo co establecido no artigo 6 dos seus estatutos, entre os seus fins están "(...) fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade, como coadxuvante do desenvolvemento socio-económico (...)"*
- IV. *No artigo 36.1.d da LRBRL atribúenselles ás deputacións a competencia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109 da LALG encoméndaselles, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.*
- V. *No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.*
- VI. *Ambas as partes consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para realizar a II Edición do Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos para o ano 2021.*

A RAGC leva organizando actividades, cursos e ciclos de conferencias en toda a comunidade galega desde a súa fundación no ano 1977 e, en liña cos seus obxectivos (difundir a ciencia e a tecnoloxía), pretende levar a cabo por segundo ano consecutivo este ciclo de conferencias para espertar o interese do gran público en temas de actualidade científica con repercusións sobre a sociedade e contribuír á educación e á formación en igualdade.



- VII. *Os convenios entre as administracións públicas ou coas corporacións de dereito público constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), no artigo 57 da LRBRL e nos artigos 198 e seguintes da LALG.*
- VIII. *De acordo cos motivos expostos é desexo de ambas as partes asinar este convenio, que establece o marco xeral e as bases de colaboración e que fixa as obrigas materiais e económicas concretas de cada unha, polo que manifestan a vontade común de subscribilo de acordo coas seguintes*

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a RAGC para a realización da II Edición do Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos para o ano 2021.

Impartiranse un total de 10 conferencias (con 11 persoas relatoras) repartidas en formato webinar e semipresencial con streaming, dirixidas á cidadanía en xeral, e 5 presenciais en centros educativos da provincia de Pontevedra, coas características e contidos que se detallan a continuación.

Non obstante, as datas da súa realización e o seu formato poderán sufrir cambios derivados da normativa sanitaria en vigor en cada intre, e pola evolución da COVID-19, polo que, por razóns debidamente xustificadas, tanto a Deputación de Pontevedra como a RAGC poderá propoñer cambios, tanto nas persoas relatoras propostas coma nas temáticas e datas recollidas neste convenio, en función das circunstancias sinaladas e da dispoñibilidade das persoas que as van impartir, neste caso sempre que se lle comunique previamente ao servizo xestor cunha antelación mínima de 10 días hábiles.

BLOQUE I: SESIÓN EN FORMATO WEBINARIO E/OU SEMIPRESENCIAL

- Dirixidas á cidadanía en xeral*
- Lugares e datas de realización: de abril a xullo de 2021, catro (4) en formato webinar e dúas (2) semipresenciais nos espazos que determine a Deputación de Pontevedra.*
- Previsión de número de persoas participantes por conferencia: entre 50 e 100 persoas*

▪ **TEMÁTICAS**

1.1. CONTAMINACIÓN POR MICROPLÁSTICOS

1.1.1. Título: “Os microplásticos, que son? A súa incidencia na sociedade actual”



Relatora: Carmen Pérez Pérez

*Catedrática de Ciencias de Materiais do Departamento de Enxeñería de Materiais,
Mecánica Aplicada e Construción da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de
Vigo.*

1.1.2. Título: “Microplásticos: descifrando o seu impacto no medio mariño”

Relator: Jesús Gago Piñeiro

Investigador do Instituto Español de Oceanografía no Centro Oceanográfico de Vigo.

1.2. PANDEMIAS SILENCIOSAS

1.2.1. Título: “Resistencia a antibióticos: a pandemia silenciosa”

Relator: Bruno González Zorn

*Catedrático de Microbioloxía na Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de
Madrid. Director da Unidade de Resistencia a Antibióticos.*

1.2.2. Título: “É a obesidade a pandemia con maior mortalidade?”

Relator: Carlos Diéguez González

*Catedrático de Fisioloxía. Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades
Crónicas (CIMUS). Director científico do CIBEROBN. Universidade de Santiago de
Compostela.*

1.3. IMPACTOS ECONÓMICOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E DA SAÚDE

Semipresencial e webinar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo

1.3.1. Título: “O difícil equilibrio entre saúde e economía. O caso da COVID-19”

Relatora: Beatriz González López-Valcárcel

*Catedrática de Métodos Cuantitativos en Economía e Xestión na Universidade de Las
Palmas de Gran Canaria.*

Académica Correspondente da RAGC

1.3.2. Título: “Aspectos económicos do cambio climático e da súa mitigación”

Relator: Xavier Labandeira Villot

*Catedrático de Economía do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de
Ciencias Económicas da Universidade de Vigo.*

1.4. MULLERES E CIENCIA

Semipresencial e webinar no salón de plenos da Deputación de Pontevedra

1.4.1. Título: “Mulleres na ciencia, mulleres na sombra”

Relatora: Xoana Pintos Barral

*Doutora en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, especialista en
estudos de xénero e na presenza da muller no eido científico.*

1.4.2. Título: “Aida: máis que ciencia”

Relatores:



- *Carmen González Sotelo. Investigadora Científica do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) do CSIC (Vigo).*
- *Gabriel Rosón Porto. Catedrático da Área de Física da Terra da Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo.*

1.5. EXOPLANETAS

1.5.1. *Título: “Exoplanetas, o desafío da busca de vida máis alá do sistema solar”*

Relatora: Minia Manteiga Outeiro

Catedrática de Astrofísica do Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñería Mariña da Universidade da Coruña. Vicepresidenta da Sociedade Española de Astronomía. Académica Numeraria da RAGC.

1.6. ADEGAS CIRCULARES

1.6.1. *Título: “Adegas circulares: máis alá do viño...”*

Relatora: Marta Lores Aguín

Catedrática de Química Analítica do Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela.

BLOQUE II: CENTROS DE ENSINO (5 conferencias)

- *Dirixidas ao alumnado dos centros de ensino da provincia de Pontevedra (ESO, Bacharelato, ciclos) propostos pola Deputación de Pontevedra.*
- *Datas de realización: de setembro a decembro de 2021.*
- *Presenciais, se ben poderán ser adaptadas en función da normativa sanitaria vixente neses momentos e da dispoñibilidade das persoas relatoras.*

▪ **TEMÁTICAS**

2.1.1 *Título: “Bacterias comeplásticos”*

Relatora: Sabela Balboa Méndez

Investigadora distinguida no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) da Universidade de Santiago de Compostela.

2.1.2 *Título: “A intelixencia artificial non é ciencia ficción”*

Relatora: Amparo Alonso Betanzos

Catedrática da Área de Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña. Presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial.

2.1.3. *Título: “Potencia as túas defensas: vacínate!”*

Relatora: África González Fernández

Catedrática de Inmunoloxía. Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO). Universidade de Vigo.

2.1.4. *Título: “Obxectivo saúde: a revolución dos alimentos”*



Relatora: Isabel Medina Méndez

Profesora de Investigación do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) do CSIC de Vigo.

Coordinadora Nacional da Área de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos do CSIC.

Académica numeraria electa da RAGC.

2.1.5 Título: “As matemáticas que pesquei na ría de Pontevedra”

Relatora: Elena Vázquez Cendón

Profesora Titular de Matemática Aplicada e Decana da Facultade de Matemáticas da

Universidade de Santiago de Compostela.

Segunda. Orzamento

O custo da execución das actuacións previstas neste convenio é de doce mil euros (12.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 21/231.2315.480.02 do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Estas actividades terán lugar entre os meses de abril e decembro de 2021.

Terceira. Obrigas da Real Academia Galega de Ciencias

- 1. Asumir individualmente a organización e a coordinación de todas as conferencias.*
- 2. Colaborar na difusión da realización deste ciclo de conferencias e de cada unha das charlas que o integran.*
- 3. Facer visible na publicidade do evento e en todo o material que se empregue para a súa difusión e impartición a colaboración da Deputación de Pontevedra no financiamento.*
- 4. Xustificar as actuacións executadas perante o órgano provincial no prazo máximo de tres meses desde a fin das actividades mediante a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.*

Para a correcta xustificación deberá achegar, xunto co anterior, a seguinte documentación:

- o Memoria debidamente asinada da actividade que se realizou e dos resultados obtidos*
- o Conta xustificativa coa relación dos gastos da actuación subvencionada*
- o Declaración responsable de que os gastos e os ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio*
- o Declaración responsable de que os ingresos e as subvencións ou axudas obtidas, se as houberse, non superan o custo da actuación*
- o Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio*



5. De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, a entidade beneficiaria das subvencións provinciais debe utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Só excepcionalmente se poderá utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible doutra forma. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

Así mesmo, o pagamento de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras; será obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere os 900 €. No caso de non ter contabilidade fiable, soamente serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe destes).

Tamén cómpre sinalar que a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial non será superior ao 20 %.

A institución provincial poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e do obxecto do convenio de colaboración.

En todo caso, as facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa serán verificados polos servizos técnicos provinciais e fiscalizados por Intervención antes de seren aprobados.

6. A Academia queda obrigada a prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden a Intervención, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas; así mesmo, someterase ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e ás demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

1. Achegar, como máximo, a cantidade de doce mil (12.000,00) euros como colaboración coas execucións establecidas.



2. *Deseñar a imaxe do II Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos e elaborar o material de difusión deste en coordinación coa RAGC.*

3. *Poñer a disposición os medios para a retransmisión das dúas conferencias que se celebren de xeito semipresencial.*

4. *Darlle repercusión á programación da II Edición do Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos para o ano 2021 e difundila nos perfís sociais do organismo provincial.*

Quinta. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica da Deputación ten carácter de subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da LXS, polo que se aplicará o réxime xurídico das subvencións.

As achegas económicas previstas no convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de calquera organismo internacional. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

Sexta. Comisión de seguimento

Para o seguimento e o control do cumprimento deste convenio e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha comisión de seguimento da que forma parte unha persoa representante designada por cada unha das partes, que poderá contar coa asistencia do persoal técnico de cada parte que considere conveniente.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas*
- Propoñer, en caso de dúbida, a interpretación do seu contido*
- Propoñerlles ás partes a súa resolución na aplicación do convenio no caso de xurdiren controversias*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días contados desde a petición expresa realizada por calquera das partes.

Sétima. Relacións laborais

Os acordos que se reflicten neste convenio e os específicos que, no seu caso, se asinen terán carácter administrativo e deles non se derivarán, en ningún caso, dereitos ou obrigas de carácter laboral.



Oitava. Difusión da colaboración

A RAGC comprométese a realizar a difusión da colaboración da Deputación, destacando en lugares ben visibles o seu patrocinio: carteis, rollers, folletos, carpetas, actividades, publicacións e comunicacións en prensa, radio, televisión, internet, vídeos, videoconferencias etc.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

De acordo co establecido na Resolución presidencial de 3 de maio de 2017 (núm. de rexistro 2017008767) en relación coa remisión ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen coa Deputación e cos seus organismos dependentes, no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) e na normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución, de 2 de decembro de 2016), as entidades locais deben remitir anualmente, e por procedemento telemático, unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados pola entidade local (e as súas entidades dependentes) no exercicio anterior, calquera que fose o seu importe e antes de que conclúa o mes de febreiro do exercicio seguinte ao que se refira.

Ademais, deberán comunicarse as incidencias que sucedan durante a súa execución (modificacións, prórrogas ou variacións de prazos etc.) no prazo de 3 meses desde a data na que se produzan.

Para tales efectos, co obxectivo de garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

Novena. Vixencia do convenio

O convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Décima. Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Serán causas de resolución:

- 1. O transcurso do prazo máximo de vixencia*
- 2. O acordo unánime das entidades asinantes*
- 3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das entidades asinantes. Neste caso, enviaráselle á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideren non resoltos. Isto comunicaráselle tamén á persoa responsable da comisión de seguimento. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificáralle á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase o convenio como resolto, o que poderá dar lugar á indemnización polos prexuízos causados*

4. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

5. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis

Décimo primeira. Normativa aplicable e xurisdición competente

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel e pola LXS; polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; polas Bases de execución do Orzamento provincial; pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de Dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola comisión de seguimento e control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Estando as partes conformes co sentido deste documento, asínano no lugar e na data que se indican no encabezado.

Anexo: Catálogo de conferencias e contidos

BLOQUE I

1. TEMÁTICA: CONTAMINACIÓN POR MICROPLÁSTICOS

Título: “Os microplásticos, que son? A súa incidencia na sociedade actual

Relatora: Carmen Pérez Pérez

Catedrática de Ciencias de materiais. Departamento de Enxeñería de Materiais, Mecánica Aplicada e Construción. Escola de Enxeñería Industrial, Universidade de Vigo.

Resumo:



Dende o seu gran desenvolvemento na primeira metade do século XX, os plásticos forman parte da nosa vida. Permiten o aforro de enerxía e de recursos e contribúen á mellora da nosa calidade de vida. Porén, para que a sociedade poida recibir os beneficios que poidan achegar é necesario recuperalos axeitadamente, de tal maneira que os residuos xerados non ameacen o noso entorno natural, incluíndo aos ecosistemas mariños. Desgraciadamente hoxe en día os residuos plásticos atópanse espaxados no noso entorno, en particular nos océanos onde se acumulan millóns de toneladas. Especialmente problemática é a identificación e recuperación dos chamados microplásticos, termo que fai referencia aos residuos plásticos cun tamaño inferior a 5 mm. Son insolubles en auga o seu pequeno tamaño fai especialmente difícil a súa recuperación. Tamén fai que sexan ubicuos, poden atoparse no aire, na auga, nos sedimentos e nos microorganismos tanto terrestres como acuáticos. A súa orixe é moi diversa: en algúns casos son fragmentos fabricados con ese tamaño (por exemplo os que se atopan en produtos como deterxentes), noutros casos trátase de micropartículas orixinadas a partir da degradación de produtos plásticos. Todas estas particularidades fan que os microplásticos sexan tratados de maneira específica á hora de implementar medidas que diminúan a súa emisión ao medio ambiente.

Título: “Microplásticos: descifrando o seu impacto no medio mariño”

Relator: Jesús Gago Piñeiro

Investigador do Instituto Español de Oceanografía no centro Oceanográfico de Vigo.

Resumo:

A produción mundial de plásticos non para de aumentar, supera xa os 300 millóns de toneladas ao ano. Nos últimos anos a comunidade científica internacional deu a voz de alarma sobre a problemática ambiental relacionada co aumento dramático da entrada e persistencia de materiais plásticos no medio mariño. Pero aínda existe certo descoñecemento acerca do impacto dos plásticos no ecosistema, en especial o que teñen os de menor tamaño, os chamados microplásticos. Nesta charla presentaranse algúns dos impactos observados no medio mariño polos microplásticos, en base aos resultados dos últimos estudos publicados.

2. TEMÁTICA: PANDEMIAS SILENCIOSAS

Título: “Resistencia a antibióticos: a pandemia silenciosa”

Relator: Bruno González Zorn

Catedrático de Microbioloxía. Facultade de Veterinaria. Universidade Complutense de Madrid. Director da Unidade de Resistencia a antibióticos.



Resumo:

A resistencia aos antibióticos é o maior problema sanitario ao que nos enfrontamos. É certo que en aparencia, existen outras que poden parecer de máis actualidade, especialmente desde xaneiro de 2020. Con todo, desde hai varios anos todas as autoridades sanitarias do mundo coinciden en que a resistencia aos antibióticos avanza sen freo, e que non estamos a tomar as medidas necesarias para mitigar os seus efectos. O inimigo non é unha bacteria, unha enfermidade, é un fenómeno que lle afecta a multitude de bacterias distintas, e de forma e grao distinto nas distintas rexións do mundo.

Non hai unha vacina que poida freala, nin pode habela. Debemos tomar medidas coordinadas e adaptadas a cada rexión, desde unha perspectiva de “unha saúde” ou “one health”, que é aquela que ten en conta a saúde humana, saúde animal e a medioambiental baixo un prisma común e interconectado. Acerca deste fenómeno e os pasos que estamos a dar a nivel mundial para loitar contra esta pandemia silenciosa falaremos nesta conferencia.

Título: “É a obesidade a pandemia con maior mortalidade?”

Relator: Carlos Diéguez González

Catedrático de Fisioloxía. Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS). Director científico do CIBEROBN. Universidade de Santiago de Compostela.

Resumo:

Segundo a Organización Mundial da Saúde, máis de catro millóns de persoas morren cada ano como consecuencia do exceso de peso. Esta cifra considérase que vai seguir incrementándose por varias razóns: 1) a obesidade iníciase cada vez de xeito máis temperán e nas últimas décadas incrementouse a súa prevalencia en menores desde un 4 % (1975) a un 18 % (2016) en termos de poboación a nivel mundial. É destacable que a gran maioría de nenas e nenos obesos viven en países subdesenvolvidos nos que o incremento supera o 30 %. No ano 2016 considerábase que había máis de trescentos millóns de menores con sobrepeso ou obesidade. Outro sector da poboación especialmente vulnerable é o das mulleres, como consecuencia da súa menor talla media, ganancias de peso ligadas a embarazos e cambios hormonais na menopausia. Isto fai que a prevalencia de sobrepeso e obesidade en mulleres entre 40 e 60 anos en USA sexa do 66 %.

Nesta conferencia explicábase como a obesidade é unha enfermidade que de forma relativamente silente é tan nociva para a saúde do individuo. Ademais abordáranse outros aspectos interesantes coma a relación entre a actual pandemia da COVID-19 e a obesidade, así como que podemos facer para loitar contra a obesidade.



3. TEMÁTICA: IMPACTOS ECONÓMICOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E DA SAÚDE

Título: “O difícil equilibrio entre saúde e economía. O caso da COVID-19”

Relatora: Beatriz González López-Valcárcel

Catedrática de Métodos Cuantitativos en Economía e Xestión. Universidade de Las Palmas de Gran Canaria. Académica Correspondente da RAGC

Resumo:

España está entre os países máis afectados pola pandemia mundial de coronavirus. Na charla explórase a relación entre saúde e economía, o efecto da COVID-19 en termos de custos e os seus tipos, os efectos económicos a curto prazo (2020-2021) e a medio prazo, e o custo-efectividade das estratexias de prevención baseadas en test-rastrexo e illamento. O impacto económico das estratexias de vacinación tamén será brevemente analizado desde a dobre perspectiva de política de saúde e política económica. Pensando no longo prazo, discutimos a posibilidade de profundar nos cambios necesarios no sistema sanitario dentro do marco do programa Next Generation para a recuperación de Europa. Unha vez identificadas as consecuencias e posibilidades a curto e longo prazo, concluímos abordando os efectos directos e indirectos da COVID-19 sobre as desigualdades interpersoais, tanto no referido ás desigualdades sociais en saúde coma ás desigualdades económicas.

Título: “Aspectos económicos do cambio climático e da súa mitigación”

Relator: Xavier Labandeira Villot

Catedrático de Economía. Departamento de Economía Aplicada. Facultade de Ciencias Económicas. Universidade de Vigo.

Resumo:

O cambio climático é un dos principais desafíos aos que se vai enfrontar a humanidade nas próximas décadas. Ademais de prepararnos para os impactos negativos asociados a un fenómeno con abundantes irreversibilidades, os próximos anos serán cruciais para o desenvolvemento e aplicación de estratexias efectivas para evitar a expansión e agravamento deste problema.

A ciencia económica xoga, na actualidade, un papel fundamental tanto no cómputo dos impactos do cambio climático coma na formulación e avaliación de políticas correctoras ou de mitigación. Porén, non será posible abordar o tránsito a sociedades descarbonizadas sen unha mudanza radical no tecido económico e infraestrutural das nosas sociedades. Esta conferencia ofrecerá unha visión ampla das causas, implicacións económicas dos danos



polo cambio climático e da efectividade e impactos socioeconómicos de distintas alternativas para abordar este problema.

4. TEMÁTICA: MULLERES E CIENCIA

Título: “Mulleres na ciencia, mulleres na sombra”

Relatora: Xoana Pintos Barral

Doutora en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en estudos de xénero e na presenza da muller no eido científico.

Resumo:

Hai mulleres na ciencia e hai homes na ciencia, e sería de esperar que ningún estudo deixase sen tratar das accións e ideas tanto de homes como de mulleres. A presenza das mulleres na produción do coñecemento foi máis numerosa do que imaxinamos. A súa invisibilidade non foi unha coincidencia nin se produciu por falta de méritos pola súa parte.

A historia e a construción da ciencia moderna fundamentouse nos piares da inxustiza, da desvalorización e da ocultación dun grande número de mulleres científicas. Esta historia incompleta debe ser revisada e as súas achegas nas diferentes disciplinas científicas deben saír á luz, nun traballo de visibilización.

Faremos así un repaso á presenza feminina nos ámbitos científicos, con especial énfase nas universitarias, revisando o papel das mulleres galegas desde o momento no que se permitiu o seu acceso aos estudos superiores, no pasado século. Destacaremos a figura da médica, docente e xenetista Jimena Fernández de la Vega Lombán.

Finalmente veremos en que forma persiste esta discriminación no século XXI, nunha sociedade democrática.

Título: “Aida: máis que ciencia”

Relatores:

Carmen González Sotelo. Investigadora Científica do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) do CSIC (Vigo).

Gabriel Rosón Porto. Catedrático da Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo.

Resumo:

Entre as dúas persoas relatoras farase un bosquejo da biografía de Aida Fernández Ríos tanto desde o punto de vista persoal como científico, sobre todo en temas relativos á acidificación oceánica. Carmen González Sotelo traballou con Aida durante o período no que fora directora do IIM e tivo un trato moi próximo a ela en temas relacionados coa xestión da ciencia. Gabriel Rosón fixo a súa primeira campaña transoceánica con Aida nun dos



primeiros cruceiros do Hespérides, en 1992, e traballaron conxuntamente no ámbito científico, establecendo un trato de amizade moi forte.

5. TEMÁTICA: EXOPLANETAS

Título: “Exoplanetas, o desafío da busca de vida máis alá do sistema solar”

Relatora: Minia Manteiga Outeiro

Catedrática de Astrofísica. Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñería Mariña. Vicepresidenta de la Sociedade Española de Astronomía. Universidade da Coruña. Académica Numeraria da RAGC.

Resumo:

Desde o descubrimento do primeiro planeta orbitando unha estrela diferente do Sol no ano 1992 descubríronse aproximadamente 4.000 planetas, moitos deles formando parte de sistemas planetarios similares ao solar e algún deles con características bastante parecidas á Terra.

Nesta charla explicarei como funcionan os dous métodos principais que usamos as e os astrónomos para a detección de planetas e como se foron superando estes últimos anos diversas limitacións tecnolóxicas ata a situación actual, na que conseguimos detectar planetas tipo terrestre na zona de habitabilidade das súas estrelas. Describirei tamén como as e os astrobiólogos e astrofísicos abordan na actualidade a busca de biomarcadores (signos da existencia de vida) nos exoplanetas.

6. TEMÁTICA: ADEGAS CIRCULARES

Título: “Adegas circulares: máis alá do viño...”

Relatora: Marta Lores Aguín

Catedrática de Química Analítica. Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía. Facultade de Química. Universidade de Santiago de Compostela.

Resumo:

Que en Galicia se elaboran excelentes viños brancos é ben sabido; o que se descoñece mais é que o bagazo de uva branca xerado nesa vinificación esconde un asombroso tesouro en forma dunhas substancias químicas naturais que chamamos polifenóis. Estes compostos bioactivos son o fitoarsenal que a uva produce para defenderse e teñen moitas propiedades de interese. Contaremos como os convertemos en ingredientes útiles para a súa aplicación na propia industria vitivinícola, pero tamén noutros eidos da industria alimentaria, cosmética, veterinaria e outras. A cousa non quedará aí, traballamos cara a unha vinificación sostible e



propoñemos o aproveitamento integral do bagazo de uva, para o que exploramos outras vías de transformación que vos contaremos nesta charla, baseadas no que agora se da en chamar economía circular: buscando valor no que rexeitamos.

BLOQUE II: CENTROS DE ENSINO

2.1.1. Título: “Bacterias comeplásticos”

Relatora: Sabela Balboa Méndez

Investigadora distinguida no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) da Universidade de Santiago de Compostela.

Resumo:

As bacterias viven en todos os ambientes coñecidos, desde o polo ata o deserto, e en cada ambiente evolucionan para seren capaces de alimentarse das substancias que atopan. Cada ano xeramos máis de 12 toneladas de plásticos que acaban no mar. Moitos destes plásticos son “invisibles”: os microplásticos. Estes son partículas de plástico minúsculas que proceden da rotura doutros plásticos ou dalgúns produtos que usamos a diario como a pasta de dentes. Hai bacterias que son capaces de vivir sobre os plásticos e “comelos” e, por tanto, degradalos. Na charla falaremos de como buscar estas bacterias que poden degradar os plásticos e conseguir así unha forma de eliminalos do ambiente.

2.1.2. Título: “A intelixencia artificial non é ciencia ficción”

Relatora: Amparo Alonso Betanzos

Catedrática da Área de Computación e Intelixencia Artificial da Área da Computación e Intelixencia Artificial. Universidade da Coruña. Presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial.

Resumo:

A intelixencia artificial é unha revolución, a tecnoloxía que máis está a contribuír a definir a nova sociedade súper intelixente do futuro. Veremos que é a intelixencia artificial, cales son os seus usos e as súas metas, veremos que é unha tecnoloxía que está presente practicamente en calquera campo no que podamos pensar, e tamén cales son algúns dos problemas abertos e as limitacións actuais. A tecnoloxía é cada vez máis interdisciplinar, e a intelixencia artificial necesita para o seu desenvolvemento non só de enxeñeiros e científicos, senón tamén profesionais das áreas de humanidades, para que todas e todos poidamos contribuír ao desenvolvemento dunha intelixencia artificial que sexa boa para as persoas.



Ademais, esta tecnoloxía está a cambiar o emprego, a educación e a forma que temos as persoas de relacionarnos na nosa sociedade. Veremos algunhas ideas para poder afrontar o futuro cambiante e apaixonante que nos espera.

2.1.3. Título: “Potencia as túas defensas: vacínate!”

Relatora: África González Fernández

Catedrática de Inmunoloxía. Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO). Universidade de Vigo.

Resumo:

A vacinación é a medida preventiva máis eficaz, que prevén enfermidades, secuelas e mortes. A charla describirá que é a vacinación, que pretende facer e os pasos necesarios para desenvolver vacinas eficaces contra un patóxeno, coma o SARS-CoV-2.

2.1.4. Título: “Obxectivo saúde: a revolución dos alimentos”

Relatora: Isabel Medina Méndez

Profesora de Investigación do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) do CSIC (Vigo). Coordinadora Nacional da Área de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos do CSIC. Académica Numeraria electa da RAGC.

Resumo:

A historia da humanidade está unida á historia dos alimentos. As eleccións alimentarias, xunto cos cambios climáticos, provocaron importantes variacións —a nivel anatómico e fisiolóxico— no organismo dos seres humanos. A abundancia de peixe e algas nas zonas costeiras axudou ao desenvolvemento da capacidade cerebral nos homínidos, grazas aos seus ácidos graxos omega-3, compoñentes do cerebro e fundamentais para a saúde humana. De feito, o peixe forma parte da nosa gastronomía e cultura. Nas sociedades modernas, con moitos recursos para obter alimentos con pouco esforzo, a prevalencia de malos hábitos de consumo asóciase a unha alta incidencia de enfermidades metabólicas como a diabetes e a obesidade, e enfermidades cardiovasculares que son unha das causas fundamentais da mortalidade actual. A evidencia científica demostra que o consumo de peixe e produtos do mar é un elemento esencial nas dietas que axudan a mellorar a saúde e previr enfermidades dun xeito personalizado. Neste ámbito de estudo, desenvolvo a miña carreira investigadora.

2.1.5. Título: “As matemáticas que pesquei na ría de Pontevedra”

Relatora: Elena Vázquez Cendón



Profesora Titular de Matemática Aplicada. Decana da Facultade de Matemáticas. Universidade de Santiago de Compostela.

Resumo:

O obxectivo desta charla está en compartir co alumnado matemáticas próximas. A motivación da miña investigación nace de coñecer as mareas na ría de Pontevedra. Compartirei a colleita matemática que aprendín e que serviu para aplicar a outras partes do planeta, acuñando o lema de “matemáticas para un mundo mellor”, do proxecto “Marzo, mes das matemáticas”.

Finalmente indicar que as inscricións faránse a través da web www.depo.gal, e a primeira conferencia impartirase o 29 de abril de 2020.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe”

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA CO CONCELLOS DA CAÑIZA PARA MELLORAR A PISCINA CLIMATIZADA

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o deputado Miguel Domínguez Alfonso, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte

MOCIÓN PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA CO CONCELLO DA CAÑIZA PARA MELLORAR A PISCINA CLIMATIZADA

A piscina climatizada da Cañiza inaugurouse hai máis de 25 anos. Nesta piscina varias xeracións de veciños dos concellos de Paradanta aprenderon a nadar, sacaron o curso de socorrista acuático, participaron en competicións deportivas e sobre todo gozaron dunhas instalacións únicas na comarca.

Esta piscina é un referente para a comarca dende o día da súa apertura. Non só dá servizo aos veciños da Cañiza, senón tamén aos veciños de todos os concellos limítrofes. Pero, ademais, converteuse nun servizo fundamental para as persoas que a precisan por terapia, forma parte das actividades de varios colexios e incluso acollía todos os anos varios campionatos.



A Piscina Climatizada naceu como un servizo comarcal nunha comarca cada vez máis envellecida, nunha comarca e nun concello que ten que ofrecer uns servizos similares aos das vilas máis grandes se quere ser atractivo para atraer novos veciños e fixar a poboación existente. Vivir no rural non pode ser un obstáculo para acceder a este tipo de servizos.

Co paso do tempo, as instalacións da piscina climatizada municipal fóronse incrementando co obxectivo de facer máis atractivo o actual complexo deportivo: pistas de squash, ximnasio dotado con modernas máquinas de musculación e cardiovascular, salas acondicionadas para impartir numerosas actividades deportivas, e recentemente unha nova pista de pádel, foron algunha das melloras levadas a cabo no complexo, que favoreceron que se incrementase de xeito notable o número de usuarios e, polo tanto, tamén os ingresos globais da instalación.

A maiores tamén houbo nestes anos investimentos encamiñados a diminuír o consumo enerxético na piscina, implementar enerxía xeotérmica ou substituír o sistema de tratamento e renovación do aire e climatización do mesmo, entre outros, o que supón un aforro enerxético importante ao substituír elementos que xa non eran eficientes enerxeticamente, e que xa non funcionaban ao máximo rendemento.

A pandemia supuxo un punto de inflexión importante para o funcionamento da piscina. Tras o peche durante os meses de confinamento e do Estado de Alarma, o Goberno local decide non reabrir a piscina climatizada porque, segundo eles, non pode adaptar a instalación para cumprir cos protocolos de prevención e seguridade esixidos. Ademais, argumenta que outras medidas obrigatorias que tería que asumir o Concello da Cañiza serían reducir o aforo, aumentar as accións de limpeza e desinfección, aumentar o tratamento da auga dos vasos e renovación da auga... Medidas e protocolos que son comúns para todas as piscinas e que, sen embargo, non impiden que noutros concellos estean funcionando con todos os protocolos anti-covid, como por exemplo Pontearreas, O Porriño, Mos, Redondela, Vigo ou Pontevedra.

Outras das razóns que esgrime o actual alcalde para xustificar o peche da piscina é que se trata dun servizo deficitario, que require un gran investimento para modernizar as instalacións. Pero durante todos os meses que leva pechada a piscina, desde o mes de marzo, o certo é que o Goberno local non fixo ningunha xestión para intentar reabrir a instalación, como buscar axudas, traballar na súa posta a punto e adaptala á nova realidade e, ademais, perderon as axudas da Xunta de Galicia e non pediron nin recibiron ningunha da Deputación de Pontevedra.

Son moitos os servizos deficitarios que existen nas administracións públicas, e este aínda que sendo un deles, ten un retorno económico que non teñen outros moitos servizos municipais. Non só pola importancia que ten o deporte para as persoas, senón que ademais supón dinamizar o noso concello, porque os usuarios que se achegaban desde fóra aproveitaban o desprazamento para mercar no comercio local, consumir na hostalería...



Ante estes feitos, e sendo conscientes da importancia estratéxica que esta infraestrutura ten para A Cañiza, e para a comarca da Paradanta, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Que a Deputación de Pontevedra asine un convenio de colaboración económica co Concello da Cañiza para levar a cabo as melloras necesarias para facer menos deficitaria o servizo da piscina climatizada da Cañiza.

Asdo: Miguel Adolfo Domínguez Alfonso

(asinado dixitalmente o 19/04/2021)

Pontevedra, 14 de abril de 2021”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e os votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSDG-PSOE PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS TRANSPARENTE E CON BASES OBXECTIVAS

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdG-PSOE PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS TRANSPARENTES E CON BASES OBXECTIVAS.

Os voceiros dos grupos provinciais do PSdG-PSOE, ao amparo da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN para o seu debate e votación no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asistimos nos últimos meses a un carrusel de anuncios por parte da Xunta de Galicia de obras en distintos concellos da provincia de Pontevedra gobernados polo PP que eleva a tendencia do Goberno galego a focalizar os investimentos de acordo cos intereses do Partido Popular a niveis nunca vistos. Os exemplos son múltiples e raro é o día que non



dispoñemos de foto de conselleira/o ou alto cargo autonómico con alcaldesa ou alcalde do PP.

O Goberno galego esfórzase pouco en camuflar esta discriminación. Esquece que non se marxina ás alcaldesas ou alcaldes doutros signos político, senón a galegas e galegos, e nomeadamente, a pontevedresas e pontevedreses que teñen o mesmo dereito a dispoñer de investimentos autonómicos para dotacións e equipamentos nos seus concellos.

A ese carrusel de anuncios e fotos partidistas, confundido as institucións co partido, e facendo un uso impropio dos cartos públicos, únese tamén a recuperación de vellas prácticas, que pensabamos desterradas, de organizar xuntanzas máis ou menos explícitas de altos cargos con concelleiros do Partido Popular para falar das actuacións da Xunta en aqueles concellos onde o PP non ostenta a Alcaldía.

Sirvan como exemplo (necesariamente moi resumido, pois a casuística é extensa e non para de medrar):

- *Centro de Saúde de Lalín, que se suma ao xa investido en A Estrada.*
- *Saneamentos en Marín Valga ou Campo Lameiro ou para un novo abastecemento a varias parroquias rurais de A Estrada.*
- *O viveiro de empresas de Dozón.*
- *As igrexas que Patrimonio restaura, con Oia á cabeza.*
- *A urbanización da contorna da igrexa de Torroso (Mos).*
- *A recuperación das casas de mestres, a construción dunha residencia de maiores ou a financiación integral dos Baños de San Xusto, todo elo en Cerdedo-Cotobade.*
- *A cadea de unilateralidades de Portos de Galicia, que focaliza os cartos públicos en Sanxenxo, Vilanova de Arousa ou Valga.*
- *As obras nos colexios de Educación Infantil e Primaria que levan á Consellería a anunciar custosas rehabilitacións integrais en Portonovo (Sanxenxo) ou Lalín.*
- *Novas sendas peonís en estradas autonómicas de Cerdedo-Cotobade, Mos ou Vilanova de Arousa.*

Este é o retrato do que está a suceder. Un comportamento que a duras penas poderíamos cualificar como institucional e que non só é clientelar e caciquil, senón antidemocrático e vai en liña contraria aos tempos nos que vivimos nos que a cogobernanza e a transparencia están reguladas por lei.



A este respecto, é xusto mencionar que a Deputación de Pontevedra é a que máis transferencias obxectivas de fondos realiza ao municipalismo de toda España. O exemplo do Plan Concellos, que financia preto de medio cento de actuacións por toda a provincia sen mirar a cor política de ningunha Alcaldía e referencia sobre como tratar con equidade á veciñanza, viva onde viva. Ningunha alcaldesa ou alcalde desta provincia pode afirmar sen ruborizarse que a Deputación discrimina ao seu concello e mesmo abundan as declaracións de significados responsables municipais do Partido Popular que recoñecen este feito, así como o paso adiante que supuxo o cambio nesta institución no ano 2015.

Por elo, o Pleno da Deputación de Pontevedra acorda:

Primeiro: Instar á Presidencia da Xunta de Galicia para que aprobe e convoque un Plan de Dotacións e Equipamentos municipais que articule, con criterios obxectivos, tódalas actuacións que se fagan nos concellos de Galicia e acabe coa discrecionalidade e o partidismo actuais nas obras que a Administración autonómica executa nos concellos.

Pontevedra, abril de 2021

Asdo.: Carlos López Font”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente a referida moción cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e os votos en contra dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo

